

CARLOS




CASARES,

UN ESCRITOR
DESTA

GALAXIA

LETRAS GALEGAS 2017

XUNTA DE GALICIA



Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Política Lingüística
CEIP Plurilingüe Anxo da Garda (A Coruña)

Coordinador:

Pazos Pérez, Fernando

Autoría:

Blanco Meijide, Nieves

Couso Pita, M.^a José

Fiúza Fernández, Alba

García Pena, Ariadna

González López, Alfonso

Lourifo Vázquez, Úrsula

Montero Carré, M.^a Pilar

Pazos Pérez, Fernando

Vázquez Campo, Juan Antonio

Velasco Martínez, Sonia

Vidal Freire, M.^a Luisa

Coa colaboración do alumnado e da comunidade educativa do centro,
en especial de Eduardo Pérez Timiraos.

Dep. Legal: C 519-2017



Carlos Casares, un escritor desta galaxia

ÍNDICE

PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.....	3
BIOGRAFÍA DO AUTOR.....	4
ACTIVIDADES PARA EDUCACIÓN INFANTIL.....	7
ACTIVIDADES PARA 1.º E 2.º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.....	15
ACTIVIDADES PARA 3.º E 4.º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.....	20
ACTIVIDADES PARA 5.º E 6.º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.....	23
CÓDIGOS QR (crebacabezas e conto).....	26
BIOGRAFÍA CON PICTOGRAMAS.....	28
BIBLIOGRAFÍA.....	30

Letras Galegas 2017

PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Neste curso 2016-2017 no noso centro comezamos a traballar, sobre todo en educación infantil e co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), cunha nova ferramenta didáctica: a caixa ou mesa de luz. Trátase dun taboleiro que se ilumina con luces de distintas cores e tonalidades. É unha ferramenta educativa e lúdica que permite distintas posibilidades de creación e resulta moi motivadora para os rapaces e rapazas. A caixa ou mesa de luz constitúe un pequeno espazo sensorial inspirado no enfoque pedagóxico de Reggio Emilia. Nas nosas aulas empregamos esta metodoloxía como fonte de exploración, descubrimento, xogo libre, integración sensorial, observación, atención... É un espazo de traballo atractivo e acolledor para os máis pequenos.

Isto levounos a propoñer desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega o emprego deste recurso para elaborar os dez carteis sobre o autor homenaxeado nas Letras Galegas neste 2017, Carlos Casares Mouriño.

Realizamos estas composicións empregando numerosos materiais, como arroz, sementes, pasta, papeis translúcidos etc. Trátase dunha composición plástica coa que pretendemos promover e difundir a figura deste autor e fomentar a dignificación e dinamización da lingua galega.



BIOGRAFÍA DO AUTOR

Carlos Casares



Carlos Casares Mouriño nace en Ourense o 24 de agosto de 1941. Aos catro anos, a súa familia trasládase a Xinzo de Limia, onde o pai traballará como mestre.

Tamén pasa tempadas coa familia dos pais nas aldeas próximas de Lamas e Sabucedo e mais en Beiro. Alí está en contacto coa natureza, aprende os nomes dos paxaros e das árbores, fabrica os seus propios xoguetes e escoita contos e historias. As vivencias nestes lugares deixarán unha importante pegada na súa obra.

En 1952, por iniciativa da nai, moi relixiosa, ingresa no Seminario de Ourense: xa entón empeza a adiviñarse o seu destino literario, ao publicar un xornal semanal chamado *El Averno*, do que é "director e único redactor".

No seminario ten a oportunidade de ler os autores clásicos e os escritores españois e estranxeiros; e, en Xinzo de Limia, grazas ao bibliotecario da



vila, republicano e comunista, ten ademais acceso a outro tipo de lecturas máis restrinxidas daquela.

Unha vez fóra do seminario, gaña un concurso provincial de relatos breves e iso permítelle coñecer a Vicente Risco e participar no seu faladoiro do café Parque na cidade ourensá, canda outros escritores e artistas.

Na década dos 60 marcha a Santiago de Compostela, para estudar Filosofía e Letras. Alí entra en contacto co grupo de estudantes galeguistas liderados por Ramón Piñeiro, que exerce unha grande influencia sobre el.

Nesta época publica as súas primeiras obras: en 1967, *Vento ferido*, un conxunto de relatos xuvenís que acada un enorme éxito; ao ano seguinte, *A galiña azul*, un libro de contos para nenos co que gaña o concurso da Asociación Cultural O Facho e que reflicte o seu espírito comprometido e libertario e, en 1969, a súa primeira novela, *Cambio en tres*.

Nese ano comeza a traballar como profesor en Viana do Bolo, pero perde o traballo por pretender que os nenos pobres poidan acceder de balde ao comedor escolar e ten que marchar traballar a Bilbao. Despois exercerá a profesión en Cangas do Morrazo e Vigo.

En 1971, nunha viaxe en tren, coñece a Kristina Berg, unha rapariga sueca coa que casa de alí a pouco; así é como chega a amar Suecia, un país que toma como modelo para Galicia.

Nesta década consolídase como escritor. Gaña o premio da Asociación Cultural O Facho coa peza de teatro *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* en 1973 e publica *Xoguetes pra un tempo prohibido* en 1975. Pouco despois, saen do prelo *Os escuros soños de Clío* (1979) e *Ilustrísima* (1980). Tamén traduce ao galego a obra *O Principiño* e colabora cos xornais *La Región* e *La Voz de Galicia*.



En 1978 ingresa na Real Academia Galega e pasa a ser o máis novo dos seus membros.

En 1982 preséntase como galeguista independente nas listaxes do PSdeG-PSOE nas primeiras eleccións ao Parlamento de Galicia e é elixido deputado. Participa na redacción e aprobación da Lei de normalización lingüística, un dos seus grandes logros.

En 1985 é nomeado director da Editorial Galaxia, un cargo que desempeñará ata o seu pasamento. Nesta última etapa da vida dirixe tamén a revista *Grial*, e preside a asociación de escritores PEN Club de Galicia e o Consello da Cultura Galega.


En 1992 empeza a publicar a diario a columna "Á marxe" no xornal *La Voz de Galicia*; estes pequenos artigos converterano nunha figura moi popular e querida.

Nesta época escribe outras obras destinadas ao público infantil como *Lolo anda en bicicleta*, *Un polbo xigante* ou unha serie de libros arredor da figura dun neno inventor, *Toribio*, pero tamén biografías, ensaios, traducións e as novelas *Deus sentado nun sillón azul* (1996) e *O sol do verán* (2002); esta última será publicada despois da súa morte, ese mesmo ano.



Letras Galegas 2017



EDUCACIÓN INFANTIL






RECORTA E PEGA ESTE CREBACABEZAS DA GALIÑA AZUL.



Letras Galegas 2017



CONTINÚA AS SERIES COS OVOS QUE PUXO A GALIÑA AZUL.







Letras Galegas 2017








AXÚDALLE A LOLO A ATOPAR A SÚA BICICLETA.




Letras Galegas 2017




AXÚDALLE Á GALIÑA AZUL A CHEGAR AOS SEUS OVOS.







Letras Gregas 2017






RELACIONA AS EMOCIÓNS COS AMIGOS DE TORIBIO.



CANTOS OVOS TEN A GALIÑA AZUL NO SEU NIÑO?



1

2


3

4













5















Letras e vogais 2017



RISCA AS BICICLETAS DE LOLO QUE NON SEXAN IGUAIS AO MODELO.




RISCA AS LARANXEIRAS QUE NON SEXAN IGUAIS AO MODELO.






DEBUXA A CARA DE TORIBIO SEGUNDO CORRESPONDA.



CONTENTO



TRISTE



ENFADADO

Letras Galebegas 2017



1.º E 2.º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- Carlos Casares escribiu varios libros para nenas e nenos. Separa as palabras que están pegadas e atoparás os títulos dalgúns deles.
 - Unpolboxigante.
 - OcanRineoloboCrispín.
 - Toribiotenunha idea.
 - Loloandaenbicicleta.
 - Agaliñaazul.
- Carlos Casares viviu en varios lugares na súa infancia e mocidade. Olla con atención o cartel n.º 1 e logo asocia cada lugar coa súa imaxe.

SUECIA

XINZO DE
LIMIA

OURENSE

SANTIAGO
DE
COMPOSTELA



Aos catro anos, Carlos Casares foi vivir a Xinzo de Limia pero tamén pasaba tempadas nas aldeas de Beiro, Lamas e Sabucedo. Alí escoitaba contos e historias e aprendeu os nomes dos animais e das árbores. Moitos aparecerán despois nas súas obras.

- Relaciona cada árbore coas súas froitas:

laranxeira

peras

abeleira

cereixas

figueira

laranxas

pexegueiro

abelás

pereira

figos

cerdeira

pexegos

- A árbore que dá a laranxa é a laranxeira. Completa.

A árbore que dá o limón é o

A árbore que dá a mazá é a

A árbore que dá a castaña é o

A árbore que dá o plátano é o

A árbore que dá a amendoa é a

A árbore que dá a ameixa é a

A árbore que dá o marmelo é o



- Resolve o encrucillado. Atoparás as respostas nos títulos das obras escritas por Carlos Casares.

1 En que anda Lolo?

2 De que cor é a galiña?

3 Que froitas aparecen no título da obra de teatro infantil de Carlos Casares?

4 Como é o polbo?

5 Como se chama o neno inventor?

6 Quen está ferido?

7 Que é propio do verán?



- Completa o texto coas palabras seguintes:

Toribio libros Carlos inventou
nenho intelixente

Onte fun á biblioteca. Había moitos Fíxime en varios
que falan dun inventor chamado É moi
....., pero máis o sería quen as
súas aventuras: Casares.

- Agora debuxa a Toribio e a Carlos Casares.



- Completa esta pequena biografía de Carlos Casares.

Carlos Casares naceu en Estudou en Santiago de Compostela e fíxose Traballou en moitos sitios. Casou con, unha rapariga sueca.


Escribía moi ben e gañou moitos Colaborou con xornais como La de Galicia ou La E nós honrámoslo no Día das

Ourense	profesor	Letras Galegas	Voz
Kristina	Región	premios	

- Escribe a primeira letra de cada debuxo e atoparás o nome dunha editorial que dirixiu Carlos Casares.



Letras Galegas 2017



3.º E 4.º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- Busca cinco obras de Carlos Casares neste rebumbio de títulos.

O GALO DE ANTIOQUÍA

A BANDA DE VILACENDOI

O NENO
INVERNO

A VACA
TITIRITEIRA

ÁS DE MOSCA
PARA ANXO

UN POLBO XIGANTE

O GAITEIRO E O RATO PÉREZ

LOLO ANDA EN BICICLETA

A TEA DE ARAÑA
QUE TODO O APAÑA

O CAN RIN E O LOBO CRISPÍN

A GALIÑA AZUL

Na obra *Lolo anda en bicicleta* cóntase a historia dun neno que quere ter unha bicicleta mais, como non lla regalan, empeza a practicar ás agachadas na do pai, no garaxe, e convértese nun experto.

- Relaciona as frases para formar oracións que aparecen en *Lolo anda en bicicleta*.

Meteuse na cociña

experimentar ao aire libre.

Ao pai de Lolo

un campión.

Lolo quería

nun fenómeno.

Lolo ía ser

ter una bicicleta.

Lolo converteuse

e púxose a preparar o almorzo.

Un día decidiu

que só quería correr.

De pronto sentiu

chamábanlle "Burra vella".



- Atopa 7 vilas ou cidades galegas relacionadas con Carlos Casares nesta sopa de letras.

Carlos Casares

Z	P	I	A	Z	C	U	O	Y	W	N	V	G	Z
Q	I	S	A	N	T	I	A	G	O	A	R	N	I
A	X	Q	N	P	V	B	L	I	N	W	K	I	M
U	Z	F	A	X	L	A	Y	V	C	L	A	F	Z
A	X	I	N	Z	O	D	E	L	I	M	I	A	C
K	I	M	D	E	X	X	J	V	I	G	O	E	N
V	I	A	N	A	D	O	B	O	L	O	A	C	D
C	A	N	G	A	S	B	L	Q	G	H	I	O	A
F	T	H	D	N	I	G	R	A	N	Y	M	A	Y
S	H	O	I	E	O	C	V	E	F	C	B	O	A
B	J	C	J	O	U	R	E	N	S	E	J	B	F
F	I	A	U	K	I	O	F	S	N	H	R	V	H
V	S	I	O	K	L	O	V	Y	G	H	E	I	I
X	B	I	M	P	E	R	J	S	H	K	V	T	W

- Santiago
- Xinzo de Limia
- Vigo
- Cangas
- Nigrán
- Viana do Bolo
- Ourense


- Ordena as sílabas e forma palabras que aparecen no libro *Lolo anda en bicicleta*.

- cle-bi-ta-ci:
- se-gueu-er:
- da-la-mar-me:
- rróns-ca-ma:
- ca-rio-bo-ti:
- mor-al-zo:

Letras Galegas 2017



- Sitúa no mapa algún dos lugares onde viviu Carlos Casares.



XINZO DE LIMIA



NIGRÁN



SANTIAGO
DE COMPOSTELA



OURENSE




- Completa esta biografía de Carlos Casares.

Carlos Casares naceu o 24 de _____ de 1941 en _____.
Cando tiña catro anos a familia trasladouse a _____, onde seu pai
exerceu a profesión de _____. A vida no rural e a lingua do país
deixaron unha forte pegada nel.

Carlos foi enviado ao _____ e alí escribiu o xornal *El Averno*. Logo
abandonou o seminario e estudou o _____ por libre. Ao rematar,
foi vivir a _____ para estudar a carreira de Filosofía e Letras.
Especializouse en Filoloxía Románica.

Nestes anos de universidade publicou varios relatos na revista *Grial* e tamén a
súa primeira obra, _____, publicada pola Editorial Galaxia.

Xinzo de Limia - mestre - Seminario de Ourense - bacharelato
agosto - Ourense - Santiago de Compostela - *Vento ferido*



5.º E 6.º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A Carlos Casares gustáballe moito o Entroido e ía a Xinzo de Limia por esas datas sempre que podía para participar na festa.

- Observa o cartel n.º 1. Nel aparece unha figura moi representativa do Entroido de Xinzo de Limia. Como se chama?
- Que outras localidades de preto de Xinzo de Limia son coñecidas polo seu Entroido? Que nomes reciben os personaxes típicos do seu Entroido?
- No cartel n.º 1 aparecen algún dos lugares nos que viviu Carlos Casares. Accede ao código QR deste cartel e investiga en que outros lugares residiu. Que relación ten con Suecia?

Desde 1992, Carlos Casares empezou a escribir a diario a columna “Á marxe” para o xornal *La Voz de Galicia*. Estes textos convertérono nunha figura moi popular e querida.

- Observa o cartel n.º 5. Accede á páxina web do xornal por medio do código QR que aparece nel.

Busca na columna da dereita, en arquivos, o publicado o día 10 de xaneiro de 2017: é o texto de *La Voz de Galicia* titulado “O espectáculo”. Imos traballar con el.

1 En que provincia localizas “un pequeno barrio das Quintas, un lugar da parroquia de Sabucedo, alá na Limia”?

2 Que relación pode haber entre este lugar e Carlos Casares?

3 En que década acontece o que nos relata o autor?

4 Que é o caldeiro do pozo? O raio tamén fixo estragos nel; por que sería?

5 A que se refire Carlos Casares cando comenta que, cando eu era neno, en situacións como aquela había que rezarlle a Santa Bárbara e queimar loureiro?

Carlos Casares ingresou na Real Academia Galega en 1978. Esta institución realizou moitos labores a prol da lingua como a Cartografía dos apelidos de Galicia ou o *Dicionario da RAG*.

- Accede á páxina web da Real Academia Galega mediante o código QR do cartel n.º 6. Preme en "recursos". Consulta na Cartografía dos apelidos de Galicia o apelido do autor. A información proporcionada no mapa corréspondese co seu lugar de nacemento? Agora proba co teu apelido e co dalgún compañeiro ou compañeira.
- Escaneando o código QR que atoparás no cartel n.º 7 accederás á páxina dunha editorial. Navega pola súa web ata atopar a súa historia e logo responde estas preguntas:
 - 1 Que editorial é?
 - 2 En que ano asume Carlos Casares a súa dirección?
 - 3 Quen é o autor de *O Principiño*?
 - 4 Que lles ocorreu aos cadernos da revista *Grial* nos seus comezos?
 - 5 Que outro importante organismo presidiu Carlos Casares? Consulta a súa web e resume brevemente as competencias deste órgano.



- Accede á páxina web da Real Academia Galega empregando o código QR do cartel nº. 6. Que relación existe entre a Real Academia Galega e as Letras Galegas? Búscala nos apartados "A institución" e "Presentación".
- Mira os dez carteis. Ademais das de narrativa infantil, que outras obras aparecen? Escribe o título doutras dúas obras máis orientadas ao público adulto.
- Accede ao Portal das Palabras da RAG e da Fundación Barrié a través da seguinte ligazón: <http://portaldaspalabras.gal/>. Procura no *Dicionario da RAG* as seguintes palabras relacionadas con Carlos Casares: polbo, bispo, faladoiro, deputado.

Ademais da literatura, a política foi una das actividades nas que Carlos Casares participou activamente. Chegou a ser membro do Parlamento Galego.

- Accede á páxina web da Fundación Carlos Casares empregando o código QR do cartel nº. 1 e responde estas preguntas:
 - 1 Cando foi elixido deputado Carlos Casares?
 - 2 Que lei contribuíu a redactar e aprobar Carlos Casares?

Letras Galegas 2017



CREBACABEZAS

- EDUCACIÓN INFANTIL:



A galiña azul



Lolo anda en bicicleta



TORIBIO



CARLOS CASARES

- 1.º E 2.º DE EDUCACIÓN PRIMARIA:



TORIBIO



A galiña azul



Lolo anda en bicicleta



CARLOS CASARES



• 3.º E 4.º DE EDUCACIÓN PRIMARIA:



A galiña azul



Lolo anda en bicicleta



TORIBIO



CARLOS CASARES

• 5.º E 6.º DE EDUCACIÓN PRIMARIA:



CARLOS CASARES



Real Academia Galega

• CONTO CON PICTOGRAMAS E AUDIO DA OBRA LOLO ANDA EN BICICLETA:



Conto



Audio







BIOGRAFÍA DE CARLOS CASARES EN PICTOGRAMAS



CARLOS CASARES NACEU EN OURENSE.



ESTUDOU EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.



TRABALLOU COMO PROFESOR, XORNALISTA E ESCRITOR.




NUNHA VIAXE EN TREN COÑECEU UNHA RAPAZA SUECA COA QUE CASOU.



A SÚA PRIMEIRA OBRA FOI *VENTO FERIDO*.



GAÑOU MOITOS PREMIOS COMO ESCRITOR.



DIRIXIU A EDITORIAL GALAXIA, A REVISTA *GRIAL*






E O CONSELLO DA CULTURA GALEGA.





FOI UN IMPORTANTE POLÍTICO GALEGO.




PARA NENAS E NENOS ESCRIBIU: *A GALIÑA AZUL,*







LOLO ANDA EN BICICLETA,




VARIOS LIBROS SOBRE UN NENO INVENTOR, TORIBIO,



E AS LARANXAS MÁIS LARANXAS DE TÓDALAS LARANXAS.



O ÚLTIMO LIBRO QUE ESCRIBIU FOI *O SOL DO VERÁN.*



FINOU NO ANO 2002.



BIBLIOGRAFÍA:

Casares, C. (1967). *Vento Ferido*. Vigo: Editorial Galaxia. [3.ª ed., 2017].

Casares, C. (1969). *A galiña azul*. Vigo: Editorial Galaxia. [2.ª ed., 2002].

Casares, C. (1969). *Cambio en tres*. Vigo: Editorial Galaxia. [2.ª ed., 2004].

Casares, C. (1972). *O Principiño*. Vigo: Editorial Galaxia. Tradución de Saint-Exupéry, A. (1943). *Le Petit Prince*. [7.ª ed., 2015].

Casares, C. (1973). *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*. Vigo: Editorial Galaxia. [3.ª ed., 2005].

Casares, C. (1975). *Xoguetes pra un tempo prohibido*. Vigo: Editorial Galaxia. [3.ª ed., 2005].

Casares, C. (1979). *Os escuros soños de Clío*. Santiago de Compostela: Cerne [Galaxia, 3.ª ed., 2006].

Casares, C. (1980). *Ilustrísima*. Vigo: Editorial Galaxia. [4.ª ed., 2004].

Casares, C. (1983). *O can Rin e o lobo Crispín*. Vigo: Editorial Galaxia. [2.ª ed., 2005].

Casares, C. (1987). *Os mortos daquel verán*. Vigo: Editorial Galaxia. [2.ª ed., 2009].

Casares, C. (1991). *Este é Toribio*. Vigo: Editorial Galaxia. [2ª. ed., 2017].



Casares, C. (1991). *Toribio contra o profesor Smith*. Vigo: Editorial Galaxia. [2.ª ed., 2017].

Casares, C. (1991). *Toribio e o contador de contos*. Vigo: Editorial Galaxia. [2.ª ed., 2017].

Casares, C. (1992). *Toribio ten unha idea*. Vigo: Editorial Galaxia. [2.ª ed., 2017].

Casares, C. (1994). *Toribio revoluciona o tráfico*. Vigo: Editorial Galaxia. [2.ª ed., 2017].

Casares, C. (1992-2002). Columnas de "Á marxe". *La Voz de Galicia*.

Casares, C. (1994). *O galo de Antioquía*. En *Contos do Castromil*. Santiago: Castromil. [2.ª ed., Galaxia, 2003].

Casares, C. (1996). *Deus sentado nun sillón azul*. Vigo: Editorial Galaxia. [2.ª ed., 2005].

Casares, C. (1996). *Lolo anda en bicicleta*. Vigo: Editorial Galaxia. [2.ª ed., 2017].

Casares, C. (1998). *Un país de palabras*. Vigo: Editorial Galaxia. [2.ª ed., 2006].

Casares, C. (2000). *Un polbo xigante*. Vigo: Editorial Galaxia. [2.ª ed., 2003].

Casares, C. (1999). *O vello e o mar*. Vigo: Editorial Galaxia. Tradución de Hemingway, E. (1951). *The old man and the sea*.

Casares, C. (2002). *O sol do verán*. Vigo: Editorial Galaxia. [2.ª ed., 2017].

Monteagudo, H. (2017). *Carlos Casares, un contador de historias*. Vigo: Editorial Galaxia.



Villalaín, D. (2017). *Carlos Casares. Vida e Literatura*. Vigo: Xerais.

Carlos Casares

LIGAZÓNS WEB DE INTERESE:

Biblioteca virtual galega:

http://www.bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=CarCasar&alias=Carlos+Casares&solapa=biografia

Real Academia Galega:

<http://academia.gal/diccionario/-/termo/busca/li%C3%B1a>

Crebacabezas interactivos:

<http://www.jigsawplanet.com/>

Xerador de códigos QR:

<https://www.unitag.io/es/qrcode>

Fundación Carlos Casares:

<http://fundacioncarloscasares.org/>

Biografía de Carlos Casares na Galipedia:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Carlos_Casares

Editorial Galaxia:

<http://editorialgalaxia.gal/>

Letras Galegas 2017






Os símbolos pictográficos utilizados son propiedade de CATEDU (<http://catedu.es/arasaac/>) baixo licenza Creative Commons e foron creados por Sergio Palao.

Caricatura de Carlos Casares, tomada de Villalaín, D. (2017). *Carlos Casares. Vida e literatura*. Vigo: Xerais. Contouse coa autorización expresa para a empregar e difundir na versión impresa da guía e na versión web da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Audio do conto Lolo anda en bicicleta, con voz de Xan Paz, alumno do IES Castro da Uz (As Pontes de García Rodríguez). Contouse coa autorización expresa para o empregar e difundir na versión impresa da guía e na versión web da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Letras Galegas 2017





XUNTA DE GALICIA